

Resolución do 4 de xaneiro de 2021 pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso de selección para a cobertura dun posto de persoal directivo na Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Director/a do Departamento de Enerxía).

Por Resolución do 9 de decembro de 2020, publicada no Diario Oficial de Galicia número 253 do xoves, 17 de decembro de 2020, anunciouse a convocatoria para a cobertura dun posto de persoal directivo na Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Director/a do Departamento de Enerxía).

De conformidade co establecido no punto 6 das bases reguladoras da convocatoria que rexe o proceso de selección convocado establécese que o Tribunal de Selección se nomeará por resolución da Dirección da Axencia Instituto Enerxético de Galicia. En virtude do anterior, esta dirección

DISPÓN:

Primeiro.- Nomear o tribunal que deberá cualificar o proceso de selección para a cobertura dun posto de persoal directivo – director/a do Departamento de Enerxía da Axencia Instituto Enerxético de Galicia – coa composición que se relaciona no anexo.

Segundo.- Declarar de aplicación a este proceso as instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo Acordo do Consello da Xunta do 8 de abril de 2010.





Terceiro.- Esta resolución producirá os seus efectos dende o día seguinte ao da súa publicación na web da Axencia Instituto Enerxético de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
Paula M^a Uria Traba

Directora da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

INSÍRASE

A Xerente da Axencia Instituto Enerxético de Galicia
(Por Resolución de suplencia 25/02/2019)
A xefa da U.T. Xurídico-Administrativo

Zoila Fernández Maceiras

